

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017430	IES Ricardo Mella	Vigo	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D3SAN000400 - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear			A	
Módulo							
MP1665 - Dixitalización aplicada aos sectores produtivos (GS) (2º)							
Tipo de oferta			Modalidade			Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario			Presencial			Xeral	A
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
1	30	50	36	19			

Profesorado responsable

Docentes	
García Lago, Liliana	

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	10
Criterios de cualificación e recuperación	10
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	11
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	12
Programación da educación en valores.	12
Actividades complementarias e extraescolares.	13
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	13
Outros apartados.	13

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

De acordo coa Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, os ciclos formativos estrutúranse en módulos profesionais que permiten a adquisición progresiva das competencias necesarias para o desenvolvemento da actividade profesional. No seu artigo 25, establécese que os ciclos teñen unha estrutura modular e competencial organizada en unidades formativas, o que posibilita a flexibilidade e a adaptación ao contexto produtivo. Ademais, o artigo 60 recolle que todos os ciclos deben integrar de maneira transversal contidos relacionados coa sostibilidade, a dixitalización e a igualdade, co obxectivo de contribuír á formación de profesionais responsables, competentes e comprometidos cos retos tecnolóxicos e sociais do seu ámbito.

En coherencia con isto, o Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a organización do Sistema de Formación Profesional, especifica no seu artigo 100 que o módulo de Dixitalización aplicada aos sectores produtivos ten como finalidade dotar ao alumnado das competencias necesarias para comprender e aplicar as tecnoloxías dixitais habilitadoras, mellorar a eficiencia dos procesos produtivos e favorecer a innovación e a seguridade no traballo. Este artigo indica, ademais, que o módulo debe adaptarse ás características do ámbito produtivo de cada ciclo, integrando os contidos e aplicacións tecnolóxicas propias do sector correspondente.

No caso do ciclo de Técnico Superior en Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear, esta concreción curricular axústase ao ámbito produtivo sanitario e tecnolóxico, caracterizado pola utilización de equipos electromédicos de alta precisión, sistemas de xestión dixital da información clínica, aplicacións de intelixencia artificial e big data na análise diagnóstica, e estritas medidas de protección de datos e seguridade informática. Deste modo, o módulo orienta a súa aplicación práctica cara a:

- Comprender o papel da dixitalización e das tecnoloxías habilitadoras (IoT, IA, cloud, realidade aumentada, ciberseguridade) nos servizos de diagnóstico e medicina nuclear.
- Aplicar ferramentas dixitais para mellorar a eficiencia, a trazabilidade e a calidade asistencial.
- Analizar os fluxos de datos e garantir a súa seguridade e confidencialidade segundo a normativa vixente.
- Promover a innovación tecnolóxica e a mellora continua como elementos clave do desenvolvemento profesional.

Así, a concreción curricular do módulo de Dixitalización aplicada aos sectores produtivos no ciclo de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear garante a integración efectiva dos principios establecidos na Lei orgánica 3/2022 e no Real decreto 659/2023, contribuíndo á formación de profesionais competentes, actualizados tecnoloxicamente e capaces de adaptarse ás transformacións dixitais do sector sanitario, en coherencia coa estratexia galega e estatal de transformación dixital e coa evolución do mercado laboral.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Dixitalización e contornas IT/OT	Analiza o concepto de dixitalización e a súa repercusión nos sectores produtivos tendo en conta a actividade da empresa e identificando contornas de tecnoloxía da información (IT) e de tecnoloxía de operación (OT) característicos	15	3
2	Tecnoloxías habilitadoras dixitais	Caracteriza as tecnoloxías habilitadoras dixitais (THD) necesarias para a adecuación ou a transformación das empresas a contornas dixitais, describindo as súas características e as súas aplicacións	20	4
3	Sistemas baseados na nube	Identifica sistemas baseados na nube (cloud) e a súa influencia no desenvolvemento dos sistemas dixitais	15	3
4	Intelixencia artificial	Identifica aplicacións da intelixencia artificial (IA) en contornas do sector onde está enmarcado o título, e describe as melloras implícitas na súa implementación	20	3
5	Análise de datos e ciberseguridade	Avalía a importancia dos datos, así como a súa protección nunha economía dixital globalizada, definindo sistemas de seguridade e ciberseguridade a nivel tanto de equipo ou sistema como global	15	3

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
6	Plan de transformación dixital dunha empresa	Desenvolve un proxecto de transformación dixital dunha empresa dun sector relacionado co título, tendo en conta os cambios que se deben producir en función dos obxectivos da empresa	15	3

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Dixitalización e contornas IT/OT	3

Criterios de avaliación
RA1 - Analiza o concepto de dixitalización e a súa repercusión nos sectores produtivos tendo en conta a actividade da empresa e identificando contornas de tecnoloxía da información (IT) e de tecnoloxía de operación (OT) característicos
CA1.1 - Describiuse en que consiste o concepto de dixitalización.
CA1.2 - Relacionouse a implantación da tecnoloxía dixital coa organización das empresas.
CA1.3 - Establecéronse as diferenzas e as similitudes entre as contornas IT e OT.
CA1.4 - Identificáronse os departamentos típicos das empresas que poden constituír contornas IT.
CA1.5 - Seleccionáronse as tecnoloxías típicas da dixitalización en planta e en negocio.
CA1.6 - Analizouse a importancia da conexión entre contornas IT e OT.
CA1.7 - Analizáronse as vantaxes de dixitalizar unha empresa industrial de extremo a extremo.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Dixitalización nos sectores produtivos.
Cronoloxía das revolucións industriais. Principais elementos.
Cuarta revolución. Dixitalización. Elementos que a definen.
Sistemas ciberfísicos.

Contidos
Estrutura da empresa. Dixitalización das súas unidades. Organización. Recursos. Planificación de tarefas compartidas.
Contornas IT e OT. Concepto. Diferenzas e similitudes. Relación entre contornas IT e OT. THD en cada contorna produtiva.
Evolución dunha empresa clásica a unha empresa dixitalizada. Vantaxes que supón. Eficiencia na xestión dos custos da actividade económica. Novos mecanismos de análise de datos na toma de decisións. Canles de comunicación coa clientela, cos provedores e con outros axentes. Contribución da dixitalización ao desenvolvemento sostible. Conciliación entre a vida persoal e a laboral das persoas integrantes da empresa.

UD	Título da UD	Duración
2	Tecnoloxías habilitadoras dixitais	4

Criterios de avaliación
RA2 - Caracteriza as tecnoloxías habilitadoras dixitais (THD) necesarias para a adecuación ou a transformación das empresas a contornas dixitais, describindo as súas características e as súas aplicacións
CA2.1 - Identificáronse as principais tecnoloxías habilitadoras dixitais.
CA2.2 - Relacionáronse as THD co desenvolvemento de produtos e servizos.
CA2.3 - Relacionouse a importancia das THD coa economía sostible e eficiente.
CA2.4 - Identificáronse novos mercados xerados polas THD.
CA2.5 - Analizouse a implicación de THD tanto na parte de negocio como na parte de planta.
CA2.6 - Identificáronse as melloras producidas debido á implantación das tecnoloxías habilitadoras en relación coas contornas IT e OT.
CA2.7 - Elaborouse un informe que relacione as tecnoloxías coas súas características e as súas áreas de aplicación.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Caracterización das tecnoloxías habilitadoras.
Mundo dixital. Tecnoloxías habilitadoras.
Características das THD: intelixencia artificial machine learning/deep learning, internet das cousas (IoT) redes 5G fibra óptica computación difusa e na nube tecnoloxías de procesamento masivo de datos e información blockchain e DLT (Distributed Ledger Technology). Similitudes e diferenzas. Realidades inmersivas robótica colaborativa

Contidos
(cobótica) xemelgos dixitais etc.
Ciberseguridade THD, IT e OT. Pegada dixital.
Dereitos e deberes das empresas e da cidadanía en relación ao uso das THD
Influencia das THD no desenvolvemento de produtos e na prestación de servizos. Exemplos significativos. Novos mercados. Internacionalización.
THD típicas en planta e negocio.
Melloras coa implantación de THD.
Sistemas dixitalizados e datos.

UD	Título da UD	Duración
3	Sistemas baseados na nube	3

Criterios de avaliación
RA3 - Identifica sistemas baseados na nube (cloud) e a súa influencia no desenvolvemento dos sistemas dixitais
CA3.1 - Identificáronse os diferentes niveis da nube.
CA3.2 - Identificáronse as principais funcións da nube (procesamento de datos, intercambio de información, execución de aplicacións etc).
CA3.3 - Describiuse o concepto de edge computing e a súa relación coa nube.
CA3.4 - Definíronse os conceptos de fog e mist e as súas zonas de aplicación no conxunto.
CA3.5 - Identificáronse as vantaxes que proporciona a utilización da nube nos sistemas conectados.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Nube (cloud) e sistemas conectados.
Nube: definición e niveis. Cloud computing: infraestrutura como servizo (IaaS). Plataforma como servizo (Paas). Software como servizo (Saas).
Posibilidades de traballo na nube.
Edge computing e a súa relación coa nube.
Fog e mist. Relación coa nube.

Contidos
Vantaxes do uso dos recursos da nube. Protección de datos. Interoperabilidade. Mobilidade. Traballo cooperativo.
Uso da nube e a rendibilidade da empresa.

UD	Título da UD	Duración
4	Intelixencia artificial	3

Criterios de avaliación
RA4 - Identifica aplicacións da intelixencia artificial (IA) en contornas do sector onde está enmarcado o título, e describe as melloras implícitas na súa implementación
CA4.1 - Identificouse a importancia da IA na automatización de procesos e a súa optimización.
CA4.2 - Relacionouse a IA coa recollida masiva de datos (big data) e o seu tratamento (análise) coa rendibilidade das empresas.
CA4.3 - Valorouse a importancia presente e futura da IA.
CA4.4 - Identificáronse os sectores con implantación máis relevante de IA.
CA4.5 - Identificáronse as linguaxes de programación en IA.
CA4.6 - Describiuse como inflúe a IA no sector do título.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Aplicación da intelixencia artificial (IA).
Intelixencia artificial. Exemplos de aplicación.
Tipos de IA: débil, forte, simbólica e subsimbólica.
Evolución da IA.
A IA e os datos. Protección de datos
Relación da IA cos sectores produtivos e as áreas de aplicación.
A IA e o tratamento de datos. Minaría de datos.
Linguaxes de programación en IA.

Contidos
A IA e o título.
Relación entre as THD no sector do título e a IA.
Regulación da IA. Protección de datos. Dereitos de autoría.
Principios éticos da IA na actividade profesional, cultural e social.

UD	Título da UD	Duración
5	Análise de datos e ciberseguridade	3

Criterios de avaliación
RA5 - Avalía a importancia dos datos, así como a súa protección nunha economía dixital globalizada, definindo sistemas de seguridade e ciberseguridade a nivel tanto de equipo ou sistema como global
CA5.1 - Estableceuse a diferenza entre dato e información.
CA5.2 - Describiuse o ciclo de vida do dato.
CA5.3 - Identificouse a relación entre big data, análise de datos, machine/deep learning e intelixencia artificial.
CA5.4 - Describíronse as características que definen big data.
CA5.5 - Describíronse as etapas típicas da ciencia de datos e a súa relación no proceso.
CA5.6 - Describíronse os procedementos de almacenaxe de datos na nube.
CA5.7 - Describiuse a importancia da computación na nube (cloud computing).
CA5.8 - Identificáronse os principais obxectivos da ciencia de datos nas diferentes empresas.
CA5.9 - Valorouse a importancia da seguridade e a súa regulación en relación cos datos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Avaliación de datos.
Dato versus información.

Contidos
Ciclo de vida do dato.
Análise de datos.
Almacenamento de datos na nube.
Etapas da enxeñaría de datos.
Aplicación ás empresas da ciencia de datos.
Importancia da seguridade no manexo de datos.

UD	Título da UD	Duración
6	Plan de transformación dixital dunha empresa	3

Criterios de avaliación
RA6 - Desenvolve un proxecto de transformación dixital dunha empresa dun sector relacionado co título, tendo en conta os cambios que se deben producir en función dos obxectivos da empresa
CA6.1 - Identificáronse os obxectivos estratéxicos da empresa.
CA6.2 - Identificáronse e aliñáronse as áreas de produción ou negocio e de comunicacións.
CA6.3 - Identificáronse as áreas susceptibles de ser dixitalizadas.
CA6.4 - Analizouse o encaixe de áreas dixitalizadas (ADE) entre si e coas que non o están.
CA6.5 - Tivéronse en conta as necesidades presentes e futuras da empresa.
CA6.6 - Relacionouse cada área coa implantación das tecnoloxías.
CA6.7 - Analizáronse as posibles fendas de seguridade en cada área.
CA6.8 - Definiuse o tratamento dos datos e a súa análise.
CA6.9 - Tívoise en conta a integración entre datos, aplicacións, plataformas que os soportan etc.
CA6.10 - Documentáronse os cambios realizados en función da estratexia.
CA6.11 - Tívoise en conta a idoneidade dos recursos humanos.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Desenvolvemento dun proxecto.
Obxectivos da empresa e definición da estratexia de dixitalización.
Aplicacións.
Áreas da empresa. Aliñamento entre elas. Subobxectivos das áreas. Custo de oportunidade.
Tecnoloxías (THD) requiridas.
Implantación de tecnoloxías. Integración no conxunto.
Software ERP e programas CRM/BPM.
Solucións cloud. Paquetes integrados ou suite.
Tratamento de datos masivos.
Documentos de seguimento. Medidas.
Recursos humanos. Novos perfís. Formación.

Procedemento de avaliación inicial.

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do módulo co obxectivo de coñecer o punto de partida do alumnado, tanto no referente aos seus coñecementos previos sobre conceptos como dixitalización, tecnoloxías habilitadoras, intelixencia artificial, sistemas na nube ou análise de datos, como ás súas actitudes, motivacións e competencias básicas. Trátase dun proceso de observación e recollida de información que permite ao profesorado adaptar a metodoloxía, o nivel de profundidade dos contidos e os recursos didácticos ás características concretas do grupo. Para iso empregárase un conxunto de instrumentos sinxelos e variados: un breve cuestionario diagnóstico con preguntas sobre conceptos xerais e exemplos do ámbito sanitario, unha posta en común ou debate inicial para explorar intereses e experiencias previas, e unha pequena ficha de autoavaliación que permita identificar o grao de interese, as expectativas e o nivel de competencia dixital de cada estudante.

Ademais, a observación directa da participación nas primeiras actividades servirá para detectar o grao de implicación e posibles necesidades de apoio. A información recollida analizarase de forma global e empregárase para axustar a programación, o ritmo das clases e as medidas de atención á diversidade, garantindo así unha resposta educativa adaptada e inclusiva.

Esta avaliación non ten carácter cualificable, pero quedará rexistrada polo profesorado como referencia inicial que permitirá valorar posteriormente a evolución do alumnado ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado basearase na avaliación continua, valorando o grao de adquisición dos resultados de aprendizaxe e dos criterios de avaliación establecidos para o módulo Dixitalización aplicada ao sistema produtivo. O proceso será continuo, global e formativo, avaliando tanto o traballo práctico desenvolvido nas sesións como a comprensión dos contidos teóricos.

A nota final do módulo calcularase a partir da seguinte ponderación:

- Traballo desenvolvido nas sesións de clase, tarefas, exercicios, exposicións e proxectos prácticos: 50 %
- Proba escrita tipo test: 50 %

As tarefas e actividades de aula incluírán exercicios individuais e grupais, exposicións, estudos de caso ou proxectos, valorándose a calidade do traballo realizado, a capacidade de análise e a correcta aplicación dos principios de dixitalización.

As probas escritas consistirán en cuestionarios tipo test de resposta única, con distintas opcións posibles e unha soa resposta correcta. Aplicarase un sistema de corrección no que cada tres respostas incorrectas descontarán o valor dunha resposta correcta, mentres que as respostas en branco non penalizarán.

Considerarase avaliación positiva cando o alumnado acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10, sempre que obteña polo menos o 40 % da puntuación posible en cada unha das dúas partes (traballo continuo e proba escrita). O profesorado manterá rexistro das evidencias avaliadas e informará o alumnado do seu progreso ao longo do proceso de aprendizaxe.

Procedemento e criterios de recuperación

O alumnado que non acade unha avaliación positiva nalguna das partes deberá realizar actividades de recuperación específicas orientadas aos resultados de aprendizaxe non superados. Estas poderán consistir na mellora ou ampliación de tarefas anteriores, na elaboración dun novo traballo práctico ou nun pequeno exercicio aplicado que permita evidenciar a adquisición das competencias pendentes.

Se o módulo non se supera na avaliación ordinaria, o alumnado poderá realizar unha proba extraordinaria de recuperación, de carácter teórico-práctico, que incluírá igualmente un test de resposta única con penalización de tres respostas incorrectas por unha correcta e, se se considera necesario, un breve exercicio práctico. Nesta proba deberá demostrar o dominio dos contidos esenciais e a capacidade de aplicar os principios de dixitalización ao ámbito profesional.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O seguimento do proceso de aprendizaxe realizarase de forma continua a través da observación do traballo diario, a revisión das tarefas e a análise dos resultados das probas escritas. Este control permitirá detectar posibles dificultades e aplicar medidas de reforzo inmediato durante o desenvolvemento das unidades didácticas.

O alumnado que non supere algunha parte do módulo deberá realizar actividades de recuperación adaptadas aos criterios de avaliación non alcanzados, que poderán consistir na mellora ou repetición de tarefas, na elaboración dun traballo complementario ou na realización dunha proba específica que permita demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe pendentes.

En caso de materias pendentes doutros cursos ou módulos equivalentes, o profesorado establecerá un plan individualizado de seguimento e avaliación, no que se indicarán as tarefas a realizar, os prazos e os criterios de superación. Este plan poderá incluír unha proba final de carácter teórico-práctico, con formato tipo test de resposta única e penalización de tres respostas incorrectas por unha correcta.

A materia considerase superada cando o alumnado demostre o logro dos resultados de aprendizaxe establecidos e acade unha cualificación igual ou superior a cinco puntos sobre dez.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

No caso de que o alumnado perda o dereito á avaliación continua, de acordo coa normativa vixente, establecerase un procedemento extraordinario de avaliación que permita demostrar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos para o módulo Dixitalización aplicada ao sistema produtivo.

Esta avaliación terá carácter individual e final, e consistirá nunha proba escrita tipo test de resposta única, complementada, se é necesario, cunha breve parte práctica ou cuestións de desenvolvemento que permitan

comprobar a aplicación dos conceptos á realidade profesional. A proba abranguerá os contidos esenciais das cinco unidades didácticas, tanto teóricos como aplicados, e valorarase a comprensión dos principios de dixitalización, tecnoloxías habilitadoras, intelixencia artificial, sistemas na nube ou análise de datos no ámbito sanitario.

O cuestionario constará de preguntas de resposta única, con catro opcións posibles e unha soa correcta. Aplicarase o mesmo criterio de corrección que nas probas ordinarias: cada tres respostas incorrectas descontarán o valor dunha resposta correcta, mentres que as respostas en branco non penalizarán.

A proba será cualificada sobre dez puntos, e considerárase superada cando o alumnado acade unha puntuación igual ou superior a 5 puntos. O profesorado poderá solicitar, ademais, a entrega ou defensa dun traballo complementario individual que evidencie o dominio dos contidos e a competencia profesional, especialmente no caso de módulos de baixa carga horaria.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

No caso de que o alumnado non acade de forma satisfactoria os obxectivos ou resultados de aprendizaxe previstos, aplicarase un conxunto de medidas de reforzo educativo. Estas medidas terán un carácter preventivo, flexible e personalizado, adaptándose ás causas que motivan as dificultades detectadas (falta de base teórica, problemas de comprensión, ritmo de traballo ou escasa implicación). O profesorado realizará un seguimento individualizado e planificará actuacións específicas orientadas a mellorar o rendemento do alumnado.

As accións de reforzo poderán incluír:

- Revisión e explicación adicional dos contidos fundamentais durante as sesións ou en horarios de apoio.
- Adaptación das tarefas e exercicios, reducindo a complexidade inicial e facilitando exemplos prácticos guiados.
- Actividades de consolidación mediante fichas, autoavaliacións ou exercicios de repaso sobre os criterios non superados.
- Traballo complementarios orientados á aplicación práctica dos conceptos tratados.
- Acompañamento e titorización individual, co obxectivo de mellorar a organización e o seguimento do módulo.

Programación da educación en valores.

A educación en valores forma parte esencial do desenvolvemento integral do alumnado e está integrada de maneira transversal ao longo do módulo Dixitalización aplicada ao ámbito produtivo. A través das actividades propostas, fóméntanse actitudes e comportamentos que contribúen á formación ética, profesional e cidadá do alumnado.

Valores que se traballan no módulo

- Responsabilidade e ética profesional Ao abordar cuestións como a seguridade dos datos, a intelixencia artificial ou o uso da nube, promóvese a reflexión sobre o uso responsable da tecnoloxía e o respecto á privacidade.
 - Solidariedade e colaboración As actividades grupais fomentan o traballo cooperativo, a escoita activa e o respecto polas achegas dos demais.
 - Igualdade e inclusión Analízanse os riscos de exclusión dixital e promóvese a accesibilidade tecnolóxica como ferramenta para reducir fendas sociais.
 - Pensamento crítico e autonomía O alumnado é animado a cuestionar o impacto da dixitalización nos sectores produtivos e a tomar decisións fundamentadas no deseño de solucións tecnolóxicas.
 - Sustentabilidade e conciencia social Reflexión sobre o impacto ambiental das tecnoloxías dixitais e a necesidade de promover prácticas responsables no uso de recursos tecnolóxicos.
- Estratexias de integración

- Actividades reflexivas: rexistros individuais, debates e presentacións que inclúen valoracións éticas e sociais.
- Estudo de casos reais: análise de situacións que implican dilemas éticos ou retos sociais vinculados á dixitalización.
- Dinámicas grupais: traballos colaborativos que promoven o respecto, a equidade e a corresponsabilidade.
- Uso de linguaxe inclusiva e materiais diversos: para garantir a participación de todo o alumnado.

Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades extraescolares e complementarias teñen como finalidade enriquecer o proceso de aprendizaxe, conectando os contidos do módulo coa realidade profesional e social. Estas accións permiten ao alumnado observar aplicacións prácticas da dixitalización, coñecer experiencias reais e desenvolver competencias transversais como o traballo en equipo, a comunicación ou o pensamento crítico.

Propostas de actividades complementarias

- Visita a unha empresa ou centro sanitario dixitalizado. Organización dunha saída a unha clínica, hospital ou empresa tecnolóxica que empregue sistemas IT/OT, intelixencia artificial ou almacenamento na nube para a xestión de datos clínicos.
- Charlas con profesionais do sector Invitación de expertos en tecnoloxías habilitadoras, ciberseguridade ou análise de datos para compartir experiencias e casos reais de transformación dixital.
- Participación en eventos ou feiras tecnolóxicas locais Asistencia a xornadas, congresos ou feiras vinculadas á innovación tecnolóxica, dixitalización ou saúde conectada.

Estas actividades serán programadas segundo a dispoñibilidade dos centros colaboradores e adaptadas ao calendario escolar, garantindo a participación activa e segura do alumnado.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación e a avaliación da práctica docente realizaranse de forma continua ao longo do curso, co obxectivo de valorar a eficacia das actividades propostas, a adecuación dos contidos e metodoloxías, e o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe.

O profesorado rexistrará o desenvolvemento das sesións, a participación do alumnado e as incidencias detectadas, revisando periodicamente a planificación para introducir melloras cando sexa necesario. Ao rematar cada unidade didáctica realizarase unha revisión reflexiva sobre os resultados obtidos, as dificultades atopadas e as posibles modificacións na metodoloxía, avaliación ou secuenciación dos contidos.

Esta avaliación da práctica docente completárase cunha valoración final do módulo, tendo en conta os informes de resultados, as observacións do profesorado e as achegas do alumnado, co fin de axustar e mellorar a programación en cursos posteriores, garantindo unha ensinanza máis eficaz, inclusiva e adaptada ás necesidades reais do grupo.

Outros apartados.